

MUFACE

Cadro de Persoal e O.T.E.

1/04/2024

---

O cadro de persoal do organismo que aparece no Portal de Transparencia e na páxina web de MUFACE non está actualizado. De feito, hai prazas que figuran vacantes e están ocupadas e viceversa.

Tamén vemos que a oficina de tramitación electrónica (OTE), logo de case dous anos dende a súa creación carece de prazas específicas no cadro de persoal o que non parece lóxico se comparamos esta oficina con outras creadas na AXE como a da UTEX ou a Administración de Asistencia Dixital da Axencia Tributaria.

Para ter datos actualizados solicitamos á Secretaría Xeral información sobre o estado de ocupación do cadro de persoal de MUFACE en Galicia e a estrutura organizativa da OTE.